

# 4

## Ciencia e saúde



### ● Que é unha enfermidade?

A **enfermidade** é calquera situación na que a nosa saúde se altera ou se perde en maior ou menor medida.

Segundo as causas que as provocan, diferenciamos dous tipos de enfermidades: as **infecciosas** e as **non-infecciosas**.

## As enfermidades infecciosas

As **enfermidades infecciosas** son as que están producidas polos chamados **axentes infecciosos**.

Os principais axentes infecciosos son:

- **Algúns seres vivos microscópicos**. Os máis frecuentes son **bacterias**, como Salmonella ou Pneumococo, **fungos**, como Candida, ou **protozoos**, como Trypanosoma ou Plasmodium.
- **Os virus**. Son unhas partículas diminutas que poden entrar nas nosas células, destruílas e propagarse a outras células.

### ● Tipos de enfermidades infecciosas

Hai dous tipos de enfermidades infecciosas:

- **As contaxiosas**, que se transmiten desde unha persoa infectada a outra sa a través da tose, dos esbirros, do contacto... Por exemplo, o arrefriado, a gripe, a variola...
- **As non-contaxiosas**, que non se transmiten de persoas enfermas a persoas sas. Por exemplo, a salmonelose, as infeccións de fe-

## As enfermidades non-infecciosas

As **enfermidades non-infecciosas** están producidas por outras causas distintas dos axentes infecciosos.

Algunhas das máis frecuentes ou coñecidas son as intoxicacións, os traumatismos, as enfermidades nutricionais, o cancro e os tumores, as enfermidades cardiovasculares, as do estado de ánimo e as conxénitas.

- Fai un esquema/mapa mental da información que liches. Se es capaz ti só, perfecto. Se non, aquí che dou unha pista de cómo comezar. Podes facelo nun folio ou, se eres capaz, no ordenador. Como sempre, podes sacarlle unha foto e enviarma.

